


HOXE TOCA TRABALLAR A INCLUSIÓN, A DIVERSIDADE, A EMPATÍA E A AMIZADE.

- CONTO MOTIVADOR:

“POR CATRO ESQUINIÑAS DE NADA”



COMEZAMOS CO VISIONADO, ENLACE: <https://youtu.be/AJeTDhUt0j4>

COMPRESIÓN DO CONTO: QUE PASA?, QUE FORMAS APARECEN?, QUE CORES?, QUE LLE PASA A CADRADIÑO, COMO SE SINTE?, COMO AXUDARÍAS TI A CADRADIÑO?, COMO SE CHAMAN OS TEUS AMIGUIÑOS DO COLE?...

- XOGAMOS COAS FORMAS:

1.- A MIÑA CLASE:

IMOS FACER CON CARTÓN, CAIXA OU PAPEL A NOSA CLASE. EN FORMA DE CASIÑA. E FACEMOS UNHA PORTA.

DESPOIS FACEMOS OS NOSOS AMIGUIÑOS DA ESCOLA.

FAREMOS CIRCULOS DE CORES (NUN FOLIO CON ROTUS, EN FOLIOS DE CORES, CARTÓN PINTADO CON TÉMPERAS, TEAS...COMO A TI CHE GUSTE MÁIS). E DESPOIS ESCRIBIMOS OS SEUS NOMES OU DEBUXAMOS CARIÑAS SONREINTES.

NON ESQUEZAS A NINGUÉN...SE PRECISAS AXUDA, PÍDEA.














E XOGAMOS CON TODOS OS NOSOS AMIGUIÑ@S A VOLVER Á ESCOLA E REENCONTRARNOS.

TEDES Ó FINAL DO PDF UNHA PLANTILLA DUNHA CASIÑA SE PREFERIDES IMPRIMIR.



2.- OS AMIGOS DAS FORMAS:

AGORA TOCA REPASAR AS FORMAS, TEMOS 3 NIVEIS, SEFÚN IDADES.PODEDES COMEZAR NO 1 E IR SUBINDO ATA O 3.

NIVEL 1 (3 ANOS)						
NIVEL 2 (4 ANOS)						
NIVEL 3 (5 ANOS)						

FACEMOS PREGUNTAS E SINALAMOS:

-COMO SE CHAMAN?, TEÑEN ESQUINIÑAS? CANTOS LADOS TEÑEN?, SINALA O QUE TEN 4 ESQUINIÑAS, SINALA O QUE PODE RODAR, DÍ CON CAL PODES FACER UN SOL, SINALA A FORMA QUE TEN UN LIBRO, SINALA OS QUE SE PARECEN...

DEBUXAMOS E RECORTAMOS FORMAS PARA FACER COMPOSICIÓNS, DEIXADE VOAR A VOSA IMAXINACIÓN:


1. PARTINDO DUNHA FORMA, FACEMOS O ESQUEMA CORPORAL: O MEU AMIG@ @S MEUS COMPIS DA CLASE, O MEU CORPO, A MIÑA FAMILIA.
2. LIBRE CON MOITAS FORMAS.


TEDES NO SEGUINTE CADRO, EXEMPLOS DAS DÚAS OPCIÓNNS.




3.- A CASIÑA DAS FORMAS:

TEDES QUE CLASIFICAR CADA FORMA NA SÚA CASIÑA, FÍXATE NAS PORTAS. INDICADE NA PANTALLA, NON IMPRIMIMAS.







4.- CONTAMOS CIRCULIÑOS:

COLLEMOS OS CÍRCULOS QUE FIXEMOS NA PRIMEIRA ACTIVIDADE E METEMOS NA CASIÑA, CONTANDO, SEGUNDO O NÚMERO QUE LLE INDICAMOS, UN MÁIS, UN MENOS, SUMAMOS (3 CÍRCULOS VERMELLOS+2 CÍRCULOS AMARELOS) CANTOS TEMOS AGORA?, PON 5 E QUITA 2, PON OS MESMOS QUE OLLOS TEMOS, IGUAL QUE OS DEDOS DAS MANS...

EXEMPLO :

3 CÍRCULOS VERMELLOS+2 CÍRCULOS AMARELOS

